

# **XUSTIZA XUVENIL E PERIGOSIDADE SOCIAL. UNHA HISTORIA DO PRESENTE**

Ana IGLESIAS GALDO

Universidade da CORUÑA

No 1976, un detido suicidou porque no seu informe xudicial non se incluíran máis que as súas debilidades, os seus desvíos da norma, a súa infancia desgraciada, a súa inestabilidade conxugal, e non as súas tentativas, as súas búsquedas, o encadeamento aleatorio da súa vida. (Donzelot, 1998: 230)

**RESUMO:**Partindo dunha situación presente que decidimos converter en problema: a evidencia de ter que esixir responsabilidade penal ós menores infractores que son, non por casualidade, bos representantes dos procesos de vulnerabilidade social, rastreamos na historia cando e baixo que ideoloxía o dereito se interesa polo delincente é, ó facelo, converte o delito en síntoma da perigosidade do seu autor. Veremos a influencia deste cambio de conceptualización na recente historia da xustiza de menores e, ó descubrir os informes como peza chave na definición do perfil delincuencial, achegarémonos á súa análise coa intención de coñecer os códigos que sustentan estas prácticas xurídico-discursivas, e comprobar se as condicións que os fixeron xurdir continúan activas na actualidade.

**PALABRAS CHAVE:** Tribunais para nenos, xustiza xuvenil, perigosidade, delito, delincente, riscos sociais, vulnerabilidade social, educación, sanción, capitalismo, neoliberalismo.

**ABSTRACT:** On the basis of a current situation, which we have decided to turn into a problem: the fact that it is necessary to demand penal responsibility of underage offenders, who are, predictably, a good example of the processes of social vulnerability- we trace the historical time period and ideological atmosphere when the legal system becomes interested in the delinquent, and in doing so, converts the crime into a symptom of the dangerousness of the perpetrator. We will see the influence of this change in conceptualisation in the recent history of juvenile justice. Also, by showing that reports are a key element in the definition of the profile of the delinquent, we will offer an analysis for the purpose of understanding the codes that support these judicial-discursive practices and find out whether or not the conditions that gave rise to these codes continue to be active at the present time.

**KEY WORDS:** Juvenile court, juvenile justice, danger, crime, delinquent, social risks, social vulnerability, education, sanction, capitalism, neo-liberalism

Comezabamos o século XX coa cuestión social do pauperismo ó que se respondía con novos sistemas de control dirixidos especialmente sobre aqueles xoves que sufrían con especial virulencia os efectos dun capitalismo incipiente. Ó quedaren ubicados fóra das principais institucións socializadoras, veuse necesario crear unha alternativa que, aunando protección e castigo, asegurase en nome da educación a transmisión dos valores burgueses e a imposición de oficios proletarios: a lei de tribunais para nenos foi o marco xurídico que delimitou este novo ámbito.

Nos albores do século XXI o neopauperismo, en forma de exclusión, se constitúe na nova cuestión social e apunta novamente ós xoves máis vulnerables socialmente por non permanecer ligados a ningunha das institucións sociais recoñecidas: familia, instituto ou traballo e para os que se impón como única alternativa de cambio, un proxecto pedagóxico de carácter sancionador que xustifica democraticamente as medidas deseñadas para o seu control: a lei reguladora da responsabilidade penal dos menores é o marco xurídico actual.

Traballando como educadora en dous centros de reeducación de menores de titularidade pública durante dezaseis anos, mantiven a impresión de que a lóxica do sistema xudicial en que se sustentaban as propostas para os mozos con medida de internamento permanecía fortemente ancorada no pasado e que, mesmo os cambios aparentemente máis revolucionarios -como se dicía incorporaba a promulgación da actual Lei reguladora da responsabilidade penal de menores- non eran tal ou, cando menos, continuaban castigando ós sectores xuvenís máis vulnerables socialmente.

O discurso educacionista da intervención xudicial no ámbito de menores apunta a cuestións que trascenden o feito delictivo e alcanza as circunstancias persoais e sociais da menor e do menor que comete infraccións; de tal maneira que o sistema xudicial segue intervindo sobre condicións e estilos de vida “determinados”, abrindo as posibilidades de criminalizar máis a aquela xuventude que sofre maiores carencias no cumprimento dos seus dereitos.

A chispa que se produce ó entrar en contacto a pobreza co castigo e que, en nome da educación, conquira atrapar na lóxica do dereito penal ós menores, levounos á necesidade de historizar este ámbito co propósito de saber da historia do seu presente e poder así valorar como se produce a metamorfose que consegue transformar, a raíz da comisión dunha infracción, as necesidades educativas en irresponsabilidade xuvenil, á vez que se llexitima a necesidade dun proceso sancionador no que son os menores máis desprotexidos o grupo máis representado.

Parto así dunha situación presente que toma forma de evidencia: o carácter educativo dunha lei que sanciona os menores máis vulnerables socialmente, e busco trazar a súa xenealoxía para investigar as estratexias que permiten que os menores sexan suxeitos de sanción non só polos feitos que cometen, senón polos seus modos de vida.

### **Positivismo, criminoloxía e dereito penal: a explicación científica da desigualdade**

A comezos do s. XIX, como prolongación da antropoloxía criminal, a escola penal positivista estudia os temas da orde social, do castigo, da rehabilitación, da prisión etc, desde

unha perspectiva que rompe con algúns dos principios do dereito penal liberal. Cuestións como o determinismo, o libre albedrío, a responsabilidade e a culpa, son debatidas por esta disciplina, poñendo en dúbida todos os coñecementos da dogmática penal. Mentres que o dereito penal continuaba enraizado nas ideas de dolo, culpa e responsabilidade, a socioloxía viría a disolver a solidez deste fundamento ó enunciado que o delincente, ante a ciencia social, non deberá ser considerado nin culpable nin inocente, pois a súa conduta considérase que está profundamente determinada pola sociedade (Lamo de Espinosa, 1989: 209-210).

A constatación de que a consolidación do capitalismo, en vez de crear unha maior riqueza e benestar para todos os cidadáns, agudizaba as situacións de miseria e indixencia para unha gran parte da poboación, favorece o nacemento dunha nova perspectiva na ciencia do control social que, lonxe de explicar as causas da delincuencia en chaves socioeconómicas, apela á suposta anormalidade dos delincentes. Ao proceder así, “o pensamento positivista oríentase cara á enunciación de teorías capaces de xustificar cientificamente as desigualdades sociais como necesaria diversidade natural” (Pavarini, 1980: 41).

Para descubrir as leis explicativas do comportamento criminal era necesario que as súas causas puidesen ser observables, polo que ó buscar o factor que explica que os desviados fosen diferentes do resto das persoas, desprazase o interese do delito ao de delincente e pregúntase pola súa natureza biopsíquica, o seu carácter, a súa historia persoal. Seguindo a Baratta (1993: 22), “na súa orixe a criminoloxía ten como función específica, cognoscitiva e práctica, individualizar as causas desta diversidade, os factores que determinan o comportamento criminal, para combatelos cunha serie de medidas que tenden, sobre todo, a modificar ó delincente”.

Esta formulación obvia calquera interese polo papel que xogan as diferentes institucións sociais na definición da delincuencia e, como anuncia Pavarini “investigar as causas e os factores (individuais e sociais) que levan a algúns a roubar ou a matar, prescindindo de investigar as razóns (políticas) de por que este comportamento está prohibido, significa aceptar *a priori* unha hipótese non demostrada: a de que a diversidade criminal ten un fundamento ontolóxico-natural” (1983: 44).

Unha das consecuencias desta nova postura que aborda a patoloxía social do delito de modo semellante á patoloxía individual que representa a enfermidade, foi a posibilidade de negar a responsabilidade do delincente na infracción cometida -do mesmo modo que o enfermo non era culpable do seu mal-, negándose un dos fundamentos do Dereito penal clásico: o principio de imputabilidade, en tanto que capacidade para poder ser definido como culpable.

Pero como advirte Lamo de Espinosa (1989: 211), o feito de introducir no dereito vixente a posibilidade de que alguén, a pesar de ter cometido un delito, non sempre fose valorado como responsable ou culpable deste, fixo que o novo fundamento do dereito para castigar, pase a ser a necesidade da defensa social fronte a calquera persoa que poida resultar perigosa.

A partir da segunda metade do século XIX, a perigosidade social pasa a ser definida como unha especie de enfermidade social que, inventada polo positivismo, é acollida pola ampla lexislación especial -entre a que estaba a de menores- que xurdiu na Europa de comezos de século pasado, e que chega a xustificar o encerramento de individuos xuridicamente irresponsables, pero definidos agora como socialmente perigosos, de xeito que “o interese primeiro pola natureza retributiva da pena (un sufrimento equivalente á gravidade da acción criminal) vese substituído por un xuízo sobre a perigosidade do autor do delito, isto é, por un xuízo prognóstico sobre a predisposición para cometer novos delitos” (Pavarini, 1983: 45).

### **A influencia do positivismo na configuración dos tribunais para nenos**

Sobre da influencia que o positivismo tivo, xunto co correccionalismo, na creación dunha lexislación especial para nenos, dan boa conta as propostas que Dorado Montero, catedrático de Dereito da Universidade de Salamanca e promotor da Lei para a creación dos tribunais para nenos en España, esgrimira para reclamar un novo Dereito de carácter protector para a infancia delincente, das que reproducimos as que consideramos máis significativas para o tema que nos ocupa:

- *Conceptualización do delincente como enfermo e necesitado de tratamento*

Proclámase o principio de que a xuventude delincente xamais debe ser castigada, senón sempre protexida (Dorado, 1915: 223).

O verdadeiro golpe de graza ao sistema de represión e o paso ao dereito penal preventivo foi dado polos correccionalistas. Para o correccionalismo o delito non é máis que *un signo, un sintoma* do estado de anormalidade psíquica de quen o comete, unha proba do seu desaxuste moral, da perturbación que a súa vontade experimenta, un dato inequívoco que denuncia a necesidade de acudir prontamente por quen corresponda co remedio, se non se quere contribuír á prolongación dunha inxustiza, necesariamente enxendrada de outras posteriores (Dorado, 1915: 323-324).

A delincuencia -no pensamento dos correccionalistas- é unha causa limitadora da capacidade real, e, por tanto, da capacidade xurídica dos individuos, igual sucede coa idade, a enfermidade mental, etc; e mantén o suxeito en posición de inferioridade, e necesita, en beneficio propio e social, dun xénero de protección tutelar (tratamento penal) que se acomode á súa situación anómala e de desamparo (Dorado, 1915: 193).

- *Nova función penal de carácter preventivo ou correccional e non punitivo ou retributivo*

A aplicación das penas móvese en dous grupos: un punitivo que mira para o pasado, para o delito que se cometeu para castigar ao autor, vingarse del; outro o preventivo que mira cara ao futuro, no intento de previr a comisión de novos delitos que garanta a reforma do delincente. En función da que se escolla dará lugar a distinta función penal (Dorado, 1908, aprox.: 10-11).

A función propiamente penal é por forza exclusivamente preventiva e preservadora (Dorado, 1915: 131).

O criterio que ha de servir para o exercicio da función penal cando esta adquira carácter totalmente preventivo, non pode ser outro que o de *perigo*, isto é, o maior ou menor temor que exista de que no porvir producirán efectos tales ou cales causas criminolóxicas. O elemento do dano causado polo delito nada ten que ver coa función penal propiamente dita, senón unicamente coa reparación, que é de índole civil (Dorado, 1908, aprox.: 38-39).

Unha xustiza que tome como punto de partida a capacidade delituosa dos suxeitos, a mala vontade destes, as súas propensións ou os seus instintos malos, e o conseguinte perigo social que ofrecen (...) non pode falar de responsabilidade nin de pena (Dorado, 1915: 201).

Hai que substituír a idea de imputabilidade, base da pena, pola de necesidade [que induce á comisión do delito], base do tratamento (Dorado, 1915: 226).

• *Defensa da orientación psicolóxica*

A criminoloxía e a administración da xustiza penal ha de consistir na transformación da unha en psicoloxía e da outra en arte pedagóxica ou pedagogía correccional, que terá as bases na psicoloxía (Dorado, 1915: 81).

O moderno dereito penal vaise convertendo de día en día máis acentuadamente en psicoloxía criminal. O estado interno do delincente, os chamados factores psíquicos da delincuencia adquiren cada vez máis importancia ao tempo que o delito, a entidade exterior delituosa, a perde (Dorado, 1915: 199).

O propósito das novas disciplinas, antropoloxía e socioloxía, que se refunden na psicoloxía, é o coñecemento da alma humana (...) O coñecemento da vontade para obrar sobre ela só pode lograrse se observamos os seus resultados, os seus efectos (Dorado, 1915: 82- 83).

Logo do exposto é doado entender que o informe social se xeneralizara ó mesmo tempo que os tribunais de menores. Para dar conta da importancia que toma a actividade cognoscitiva sobre o menor que entra neste ámbito, apelamos ao Regulamento do 1919 e o de 1948 e reproducimos os artigos que así o constatan:

“Logo que un xuíz de instrución coñecese algún feito cualificado como delito procederá á formación das correspondentes dilixencias previas co fin de comprobar a realidade do feito do que se trata, concretar as súas circunstancias características e a clase de participación que neste puidese ter o menor e identificar con toda precisión a personalidade deste” (art. 74 do R. de 1919 e art. 54 do de 1948).

“Co fin de poder formar un xuízo razoado acerca das circunstancias que concorran no feito que se atribúe ao menor, dos antecedentes deste, da situación moral, social e económica da súa familia, das condicións en que o menor foi educado e do medio en que se desenvolveu e desenvolva a súa vida de relación” (art. 86 do R. de 1919 e art. 66 do de 1948).

“O tribunal poderá dispoñer que se proceda ao exame e ao recoñecemento do menor por dous profesores médicos<sup>1</sup>, que emitirán un informe acerca da súa constitución psico-fisio-

---

<sup>1</sup> No Regulamento de 1948 faise referencia a “técnicos especializados que o presidente designe”.

lóxica, e da probable influencia no desenvolvemento do entendemento e do grao de voluntariedade consciente dos seus actos, en directa relación coa natureza do feito que se atribúa ao menor (art.92 do R. de 1919 e art. 73 do de 1948).

“Logo de que se practique a investigación complementaria o tribunal procederá por si mesmo ao exame do menor e farao comparecer ante a súa presenza e procurará interrogalo con afecto acerca da comisión do feito que se lle atribúe, as súas circunstancias e os motivos que puideron determinalo, e prescindirá nese exame de toda solemnidade e coindará con insinuación paternal de captar a súa confianza co fin de lograr que se exprese con espontánea liberdade nas súas contestacións” (art. 93 do de 1919 e art. 74 do de 1948).

“Cando o tribunal estime que conta cos elementos necesarios para poder formar un xuízo exacto acerca dos feitos que se lle atribúen ditará o acordo que proceda” (art. 94 do R. de 1919 e art.75 di de 1948).

Como brillantemente demostra Donzelot (1998: 106-111), os tribunais para nenos converteranse no social por excelencia, ao formar parte dun movemento xeral dirixido á infancia que pasa de estar organizado mediante técnicas conventuais e militares, conectado coa autoridade familiar e relixiosa, policial e xudicial, a procurar os seus métodos na medicina, na psiquiatría e na pedagogía.

Neste sentido, un dos presupostos que adopta o movemento hixienista no primeiro terzo do XX é a fragilidade do suxeito infantil. Será a necesidade de garantir a súa protección, o que amplía o campo de acción a todo aquilo que poida condicionar os seus modos de vida, polo que dirixirán unha especial atención á escola e á familia que, en tanto institucións socializadoras, serán os lugares privilexiados de intervención, ao adoptarse o principio de que se se melloran as condicións de vida destes menores se podería resolver a chamada cuestión social.

Mais para poder garantir a protección desta infancia, como explica Rendueles (2001: 132), púxose en marcha unha rede de vixilancia psicosocial que, logo de descubrir ás familias incapaces de xerar a socialización primaria -considerada a base de calquera acción educativa posterior- e , tras detectar ao menor en risco, por incumprir pautas escolares ou sanitarias, inicia un primeiro informe psicopedagóxico-sanitario que reflicte a incapacidade desa familia introducíndoa nun circuíto de tutela.

Un dos asuntos característicos deste movemento é o feito de que se constrúe arredor dun eixo que se articula mediante tres gremios ata entón separados: xuíces, psiquiatras e asistentes sociais. En palabras do profesor Viñao, “a cuestión hixiénico-educativa hai que considerala no contexto do control e da regulación dos pobres, así como das mulleres e nenos ‘perigosos ou en perigo’, é dicir, dos procesos de control social xerados por ese *ménage a trois* entre o xudicial, o psiquiátrico e a asistencia social, orixe de institucións como o Tribunal Tutelar de Menores”( 2000: 13).

Será precisamente nesta coalición onde se asenta un dos falsos cimentos das novas ciencias do castigo: “a suposición de que é posible avaliar o risco de reincidencia do suxeito en función do peso das observacións de psicólogos, educadores ou traballadores sociais” (Rendueles, 2000: 131).

## O informe social como peza chave na definición da delincuencia xuvenil<sup>2</sup>

A actual *Lei orgánica reguladora da responsabilidade penal dos menores* considera como principio vertebrador da xustiza de menores “o superior interese do menor” que, funcionando como elemento determinante do procedemento e das medidas adoptadas, debe ser valorado -con criterios técnicos e non formalistas- por equipos profesionais especializados no ámbito das ciencias non xurídicas. Tal e como se desprende do marco lexislativo, o principio que guía a elección da medida ou das medidas deberá atender non só á proba e á valoración xurídica dos feitos, senón especialmente á idade, ás circunstancias familiares e sociais, á personalidade e ao interese do menor, que están postos de manifesto nos informes dos equipos técnicos coa finalidade de asesorar e orientar o posterior acordo xudicial.

A variada metodoloxía que os equipos técnicos utilizan na recollida da información dos menores infractores para motivar e orientar a posterior decisión xudicial, abrangue desde a entrevista e a aplicación de diferentes probas psicolóxicas ata o contacto telefónico ou o intercambio de informes con outras institucións educativas, sanitarias ou mesmo dos servizos sociais. Tendo en conta que, como afirma Becker “a persoa que vulga un acto como desviado, o proceso polo cal se chega a xuízo e a situación en que este xuízo se realiza, poden intervir todos intimamente no fenómeno da desviación” (1971: 15) imos achegarnos ós informes para comprobar o seu papel na configuración desta realidade.

Os informes son unha proba de que as axencias de control parten da premisa de que non teñen un papel importante na definición da delincuencia xuvenil que chega aos xulgados, como se esta existise á marxe das institucións, como se o perfil do delincente se construíse só con base nunha conduta concreta e nun modo de vida determinado.

Ao adoptar o punto de vista da norma, da lei, da cidadanía convencional, os profesionais parecen quedar fóra da descrición, parece que non participasen da súa configuración. A súa actuación non é en absoluto irrelevante a este respecto.

Comprobamos como a perspectiva etiolóxica segue comodamente instalada nas instancias xudiciais: a infracción, que se converte na valoración en conduta desadaptada, é interpretada como o resultado da confluencia de diversos riscos sociais polo que se impón a necesidade de rastrexar no pasado dos menores os detalles da súa vida que se afasten do considerado normal:

“A veces detectamos una serie de conductas de riesgo, una serie de situaciones que nos hacen prever nuevas conductas desadaptadas, entonces proponemos una medida en función de dicho riesgo” .

O ser a detección dos riscos unha das funcións primordias das entrevistas, fai que, no seu curso, o considerado relevante se desprace da infracción cometida á información que as persoas enrevistadas estean dispostas a dar en relación ó preguntado, de xeito que esta pasa de ser considerada suplementaria a ter un carácter prioritario:

---

<sup>2</sup> As opinións e extractos dos informes recollidos ó longo deste epígrafe forman parte dos datos obtidos para o proxecto de tese “A xustiza de menores en Galicia. Historia do seu presente” que a autora está a realizar, baixo a dirección do profesor Narciso de Gabriel Fernández.

“Lo que pasa es que no nos solemos quedar en eso [preguntar sobre la infracción]; quiero decir, recoges información: con quién viven, si hay alguna problemática familiar, de convivencia, en la zona donde vive, si hay problemas en la vivienda, que se trate de una infravienda... pero más que nada por derivar a servicios sociales o a otros organismos competentes”.

Asumir no proceso da elaboración dos informes esas premisas, supón adoptar o punto de vista correccional, e polo tanto considerar que “as cousas malas resultan das malas condicións” (Matza, 1981:33). Este enfoque fai que só se perciban as carencias sen reparar noutro tipo de valores e de habilidades. O que se recolle como significativo de risco social toma forma de aspectos deficitarios: hándicaps, faltas, necesidades, limitacións, ausencias, con frecuencia combinados con excesos de control, de proteccionismo, de impulsividade:

“Evidente situación de alto risco: desescolarización, falta de expectativas laborais, falta de control e de supervisión, excluído de actividades sociais organizadas e normalizada” (Informe 69).

Na selección da información que se considera significativa para transcribirse ou interpretarse, úsase como referente de modo de vida o modelo de menor integrado, de xeito que o sentido que se lle concede ás respostas se transcribirá en función da maior ou menor distancia con respecto ao que se considera óptimo. Este perfil idóneo, en tanto que é asumido como “o que debería ser”, está cargado de sentido común, caracterizado por un forte etnocentrismo oculto, non explicitado, agachado baixo estereotipos que non parecen necesitar ser sometidos a análise.

Enmarcado nestas coordenadas, o discurso conduce a unha aceptación acrítica das diferenzas que producen as desigualdades sociais e económicas, aínda que si son obxecto de valoración as consecuencias que aquelas teñen sobre as persoas. Ao ser a infracción rexistrada polas axencias de control, así como as funcións asumidas por estas e o perfil de “menor integrado”, os principais criterios para ter en conta na recollida da información, durante a elaboración do informe acódesse á suposición automática de atributos secundarios co fin de comprender os motivos da infracción, o cal condiciona o que posteriormente se considerará importante e por tanto tamén aquilo outro que se vai obviar.

O punto de vista dos entrevistadores imponse así sobre os entrevistados, na medida en que as respostas son simplificadas, interpretadas e encadradas nas categorías previamente deseñadas como significativas. É este o motivo polo que a información recollida produce o efecto de certa obxectividade, mesmo de cientificidade, dada a regularidade co que se describen os modos de vida, ata o punto que mesmo producen a impresión de que se puidesen establecer relacións causais directas entre a delincuencia xuvenil que chega aos xulgados e determinados modos de vida, só en función do maior ou menor afastamento destes ao que se considera norma.

Así, se ben a información recollida ó longo de cada informe aporta pistas importantes para comprender quen son estes menores, o proceso de simplificación e individualización introducido no apartado da *valoración*, parece confirmar o perfil delincuencial esperado. Valgan como exemplo o extracto das seguintes valoracións:



#### **INFORME N.º 1**

Probablemente, aínda que non o verbalice, tende a avaliarse negativamente nas súas cualidades ou habilidades sociais

A conduta do mozo, en canto aos feitos denunciados, entenderíase como un paso ao acto impulsivo, buscaría autoafirmarse, probarse a si mesmo, que é capaz do contacto co sexo contrario.

Os trazos da súa personalidade –introvertido, con pobre competencia social e dificultades relacionais– non configuran un trastorno psicopatolóxico pero podería estar na base de futuros desaxustes psicolóxicos, comportamentais e sociais.

#### **INFORME N.º 4**

Ao longo da entrevista detéctanse varios indicadores de risco que fan prever a nova comisión de condutas desviadas, se non se toman as medidas idóneas. Entre os aspectos xerais para abordar pola medida están os seguintes:

Intervención intrafamiliar nun GOF ou similar para restablecer os papeis de cada membro da unidade familiar e os límites, normas e obrigas de cada quen. Que perciba a necesidade dun cambio na súa vida.

Control de impulsividade e das respostas violentas e fóra de ton.

Concienciación sobre a gravidade dos feitos, das consecuencias xudiciais e das complicacións que tería de continuar coa súa actual actitude.

Que vexa outras formas de ocio e de relacións prosociais. Animalo para que inicie algunha actividade lúdico-cultural ou deportiva e motivalo para que perdure no tempo.

Que perciba a conveniencia da formación académica e orientalo a nivel formativo-laboral.

#### **INFORME N.º 5**

Da exploración realizada non se deducen aspectos significativos en ningunha das áreas observadas, que permitan valorar a existencia de problemas que puideran derivar a posibles conflitos no futuro.

#### **INFORME N.º 6**

Presenta unha serie de aspectos deficitarios: nulo rendemento escolar, bastante consentimento paterno, familia monoparental, ausencia de actividades lúdico-culturais organizadas etc.

#### **INFORME N.º 7**

Os conflitos familiares observados, o seu baixo rendemento escolar unido á súa problemática condutual e á relación que mantén cun grupo de iguais conflictivos, poden ocasionarlle no futuro a exclusión social, de non facerse uso das medidas coercitivas que lle fagan reflexionar e pensar sobre as consecuencias que pode traerlle a persistencia e a reiteración neste tipo de actos.

A perspectiva etnocéntrica empapada de teorías implícitas que en forma de estereotipos rutineiros prefixados outorgan o sentido esperado, converte a elaboración do valora-

ción dos informes nunha práctica descritiva cun especial excedente de sentido común, ao subtraer determinados significados e contribuir a forzar outros. A opinión dos diferentes profesionais ilustra estes efectos dun xeito brillante:

“Llega un momento que te das cuenta que estás tan encasillado, que lo haces tan por costumbre que es como rutinario ¿no?... y te dices: si es que hago los informes y los hago siempre más o menos igual”.

“Si la función que vamos a tener los equipos simplemente va a ser la elaboración de informes, o realizar seguimientos de los informes que nos remiten... eso es despreocuparte de los chavales, es como decir: bueno, aquí me viene un chaval... yo emito un informe, emito dos informes... me informo por otros profesionales en el centro escolar, en el centro social, a ver cómo evoluciona... emito esos informes ¡y hala! Y luego ya, recibo: soy también receptor de informes... y no hablo con nadie... Yo me niego a ese tipo de cosas, lo que es lamentable es que la Administración te va llevando a ese tipo... Yo aconsejo a mis compañeros y a todo el mundo que... para tener otra versión pase por los centros, y vea cómo son esos menores en realidad porque aquí lógicamente el menor te llega dando la peor imagen de sí”.

“Estes traballos queiman bastante. No xulgado de menores eu creo que queima porque nos podemos converter nunhas máquinas de facer informes, de sacar papel, e que despois iso non se plasme en intervención ou coordinación entre os diferentes profesionais”

Problematizando os informes, achegándonos a eles como prácticas verdadeiramente extraordinarias, comprobamos como continúan activas as consecuencias da introdución da gran noción da criminoloxía e da penalidade de finais do XIX: o concepto de perigosidade que, como brillantemente explica Foucault, por unha banda é o responsable de que toda a penalidade pasase a ser un control, non tanto sobre se o que fan os individuos está de acordo ou non coa lei, senón máis ben ao nivel do que poidan facer, do que son capaces de facer, do que están dispostos ou a punto de facer; pero á súa vez, o feito de que este control dos individuos se fixese a nivel das súas virtualidades, necesitou dunha rede paralela que desempeñara a nova función que se atribúe a xustiza a si mesma nesta etapa, unha función que non é xa de castigar as infraccións dos individuos, senón de correxir as súas virtualidades (Foucault, 1998: 97-98).

Permanece así na lóxica da xustiza xuvenil a necesidade de detectar os riscos sociais, pero unha vez detectados estes, fronte a un dereito protector, a innovación que trae o cambio de milenio é un dereito que esixe responsabilidade penal, eso sí, diferenciada da dos adultos.

### **De xoves en perigo a xoves perigosos.**

Hoxe é pouco probable que os menores infractores se representen nos diferentes discursos como cidadáns socialmente desvalidos e necesitados de apoio, antes ó contrario, perfílanse como individuos culpables, agresivos e mesmo perigosos e, en lugar de inspirar tenrura, a súa presenza xera no imaxinairo demandas de maior represión e control.

Reinterpretados como un “perigo para a seguridade”, o alarmismo social xenerado polos menores delinquentes, visiblemente amplificado polos medios de comunicación, é

un dos criterios con máis poder para lexitimar a necesidade dun novo marco lexislativo que, con maior peso no carácter sancionador, garanta o actual orde social.

Adentrados no século XXI descubrimos que, a medida que o Estado de Benestar rebaixa e mesmo abandona as súas funcións económicas e sociais desmantelando as súas principais institucións sociais, restrinxe ata tal punto a súa función protectora que chega a reclasificar a aquelas minorías que, antaño acollidas baixo o paraugas do proteccionismo - como é o caso dos xoves infractores-, pasan a ser unha cuestión de orde e disciplina.

Nesta pirueta, como afirma Bauman (2005: 71-77) o Estado contemporáneo busca outras variables, non económicas, de vulnerabilidade e incertidume nas que fai descansar a súa lexitimidade, desplazando as preocupacións públicas e as saídas á ansiedade individual lonxe das raíces económicas e sociais. Esa alternativa ubicouse recentemente na cuestión da *seguridade persoal*.

Xustificada pola sensación de formar parte dun tempo de *pánico moral* que xenera unha gran inseguridade cidadá e que parece apuntar novamente como protagonistas a certo tipo de xoves, a utopía da ideoloxía neoliberal de separar definitivamente circunstancias (sociais) e delito (criminal), non parece necesario preguntarse quen pode crer que penalizando a algúns centeneras de xoves se modificará o problema que a súa mera mención, se insiste en rexeitar: o afondamento nas desigualdades sociais e a xeneralización da precariedade salarial e social como consecuencia das políticas de desregulación e da deserción económica e urbana do Estado? (Wacquant, 2000: 68).

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ-URÍA, Fernando (1986): *Las redes de la psicología*. Madrid: Ediciones Libertarias.
- BARATTA, Alessandro (1993): *Criminología crítica y crítica del derecho penal*. Madrid: Siglo XXI.
- BAUMAN, Zygmunt (2005): *Vidas desperdiciadas. La modernidad y sus parias*. Barcelona: Paidós
- BECK, Ulrich (1998): *La sociedad del riesgo. Hacia una nueva modernidad*. Barcelona: Paidós.
- BECKER, Howard S. (1971): *Los extraños. Sociología de la desviación*. Buenos Aires: Tiempo contemporáneo.
- BERGALLI, Roberto (coord. y col.) (2003): *Sistema penal y problemas sociales*. Valencia: Tirant lo blanc alternativa.
- DE LEO, Gaetano (1985): *La justicia de menores. La delincuencia juvenil y sus instituciones*. Barcelona: Teide.
- DONZELOT, Jacques (1998): *La policía de las familias*. Valencia: pre-textos.

- DORADO MONTERO, Pedro (1908, aprox.): *El reformatorio de Elmira. Estudio de Derecho Penal Preventivo*. Madrid: La España moderna (Reeditado Facsímil. Navarra: Jiménez Gil Editor, 1999).
- DORADO MONTERO, Pedro (1915): *El derecho protector de los criminales*. Madrid: Librería General de Victoriano Suárez. Tomos I y II (Reeditado Facsímil. Navarra: Jiménez Gil Editor, 1999).
- FOUCAULT, Michel (1996): *Vigilar y castigar. Nacimiento de la prisión*. Madrid: Siglo XXI.
- FOUCAULT, Michel (1998): *La verdad y las formas jurídicas*. Barcelona: Gedisa.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Montserrat (1998): *La atención socioeducativa a los marginados asturianos (1900-1939)*. Oviedo: Servicio de Publicaciones del Principado de Asturias.
- GONZÁLEZ ZORRILLA, Carlos (1985): "La justicia de Menores en España" Epílogo a la edición española de la obra de Gaetano de Leo *La justicia de menores en España. La delincuencia juvenil y sus instituciones*. Barcelona: Teide, pp.109-143.
- LAMO DE ESPINOSA, Emilio (1989): *Delitos sin víctima. Orden social y ambivalencia moral*. Madrid: Alianza.
- MATZA, David (1981): *El proceso de desviación*. Madrid: Taurus.
- MELOSSI, Darío e PAVARINI, Massimo (1980): *Cárcel y fábrica. Los orígenes del sistema penitenciario (XVI-XIX)*. Madrid: Siglo XXI
- PAVARINI, Massimo (1983): *Control y dominación, Teorías criminológicas burguesas y proyecto hegemónico*. Madrid: Siglo XXI.
- PLATT, Anthony (1982): *Los salvadores del niño o la invención de la delincuencia*. Madrid: Siglo XXI.
- RENDUELES, Guillermo (2000): "Jueces, psiquiatras y asistentes sociales. De matrimonios mal avenidos a menage à trois". *Areas. Revista de Ciencias Sociales. Higienismo y Educación (ss.XVIII-XX)*. Universidad de Murcia-Caja Madrid, nº20.
- TRINIDAD FERNÁNDEZ, Pedro (1991): *La defensa de la sociedad. Cárcel y delincuencia en España (siglos XVIII-XX)*, Madrid: Alianza.
- VARELA, Julia e ÁLVAREZ-URÍA, Fernando (1989): *Sujetos frágiles. Ensayos de sociología de la desviación*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- VIÑAO FRAGO, Antonio (2000): "Higienismo, salud y educación en su perspectiva histórica". *Areas. Revista de Ciencias Sociales. Higienismo y Educación (ss.XVIII-XX)*. Universidad de Murcia-Caja Madrid, nº20, pp. 9-18.
- WACQUANT, Loïc (2000): *Las cárceles de la miseria*. Madrid: Alianza.

**Fontes lexislativas:**

Lei sobre organización e atribucións dos Tribunais para nenos de 25 de Novembro de 1918. *La Gaceta de Madrid*, 27 de novembro de 1918.

Real Decreto aprobando o Regulamento provisional para a aplicación da lei sobre organización e atribucións dos *Tribunais para nenos*, de 10 de xullo de 1919. *La Gaceta de Madrid*, de 13 de xullo de 1919.

Decreto 11 de xuño de 1948, texto refundido da lexislación sobre tribunais tutelares de menores: lei, regulamento para a súa execución e Estatuto da Unión Nacional destes tribunais. BOE, do 19 de xullo de 1948.

Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. BOE nº 11, do 13 de xaneiro de 2000.

Lei Orgánica 7/2000, de 22 de decembro, de modificación da Lei 10/1995 e da Lei Orgánica 5/2000. BOE nº307, do 23 de decembro de 2000.

Real Decreto 1774/2004, de 30 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. BOE nº 209 de 30 de agosto de 2004.